

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de xullo de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/07/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/07/2020
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- V. Calendario de Traballo Fin de Grao
- VI. Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- VII. Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- VIII. Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
 - c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
 - e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- IX. Nova composición da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- X. Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018/2019
- XI. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola: R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro

Ábrese a sesión ás 12 horas e 05 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, celebrada o día 29 de xuño de 2020.**

O borrador da acta enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2020-2021.**

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que explica brevemente a proposta de calendario escolar para as titulacións de grao (Anexo IV) que foi achegada con antelación aos membros da Xunta de Escola. Aclara que a data de inicio do primeiro curso dos graos é diferente á de segundo, terceiro e cuarto; sinala as datas importantes e comenta as principais diferenzas co calendario dos cursos precedentes. A continuación sinala as modificacións sobre a primeira proposta provisional do calendario compartida e consensuada, no seu momento, co profesorado e a Delegación de Alumnado da Escola; as principais diferenzas radican na modificación das datas de exames de Fin de Carreira para adaptalo ao período de matrícula.

A continuación comenta o calendario do Máster e xustifica as diferenzas entre os calendarios dos dous cursos e co calendario do curso precedente.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

4. **Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2020-2021.**

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que comenta a proposta (Anexo V) e indica as datas límite dos procedementos de TFG (hai 4 convocatorias: outubro, febreiro, xuño e xullo).

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

5. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2020-2021.

A Directora comenta brevemente o calendario de Traballo Fin de Máster aprobado na CAM do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas que está incluído no calendario escolar das titulacións do centro (Anexo IV).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

6. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2020-2021.

A Directora comenta o traballo de María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, consensuando a proposta co alumnado e co profesorado, e cédelle a palabra. A subdirectora explica que a proposta (Anexo VI) recolle os horarios para as dúas titulacións de grao impartidas no centro. Son diferentes aos dos cursos precedentes, sobre todo en primeiro curso, co obxectivo de lograr o 100% de presencialidade coas restricións nos aforos das aulas.

Javier Vijande pregunta se se poden aprobar os horarios sen ter aprobada a modificación da PDA. A Directora responde que, aínda que a modificación da PDA está pendente da aprobación formal na COAP, si conta co visto bo da vicerreitoría, polo que xa a enviou ás direccións dos departamentos.

Javier Vijande comenta a petición que lle fixo á Subdirectora de Planificación e Organización Académica de revisar os horarios de Física II (segundo cuatrimestre) e que polo de agora, non foi posible; pide que se revise antes do inicio do segundo cuatrimestre. Entende que é difícil, pero comenta que se trata de horas que non se utilizan todas as semanas. María Araújo aclara que non foi posible encaixar a solicitude nos horarios, pero que está disposta a revisalo sobre a marcha do curso, cando se dispoña de máis información.

No Máster Universitario en Enxeñaría de Minas María Araújo comenta que se mantén a estrutura de horarios do curso anterior aínda que se tiveron que modificar os espazos asignados. Engade que a proposta está consensuada co alumnado e co profesorado.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2020-2021.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que comenta que o calendario de exames (Anexo VII) parte dunha proposta da Delegación de Alumnado e inclúe algúns cambios, propostos por ela, para solucionar algúns solapes e problemas de espazos que atopou na proposta. Explica brevemente os cambios propostos e aclara que no calendario están subliñados os exames que están previstos a horas non habituais para solucionar algúns solapes. Sinala que a columna marcada noutra cor corresponde as materias de primeiro do plan vello e indica que, para

facilitar o labor do profesorado e a xestión, as fixo coincidir na medida do posible coas materias equivalentes do plan novo.

Indica que non se inclúe as datas dos exames da convocatoria fin de carreira porque a planificación farase en canto se dispoña dos datos de matrícula, o 15 de setembro. Propón incluír no calendario unha táboa sen datas cunha nota aclaratoria neste sentido.

Sinala que os exames do MUEM son análogos aos do curso anterior salvo unha adaptación debida a redución dunha semana no período para exames no primeiro cuadrimestre.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

A Directora agradece a María Araújo e a Delegación de Alumnado o traballo realizado.

8. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2020-2021.

A Presidenta comenta que o prazo para a aprobación das guías docentes remata hoxe, 23 de xullo. Lembra que todas as titulacións do centro teñen autorización para iniciar o curso cun modelo 100% presencial pero hai que ter previsto como proceder nos 3 escenarios posibles: totalmente presencial, semipresencial (non parece aplicable ao centro agás no caso de se chegase a producir un cambio na distancia social e os aforos permitidos) e non presencial (no caso de que se decrete un novo confinamento). Tamén sinala a situación particular deste curso que, coa implantación dos novos plans de estudos dos graos, supón máis traballo xa que as guías das materias de primeiro son novas, partindo de cero e cargando as novas competencias. Por último salienta que en DOCNET habilitouse unha pestana *Plan de Continxencias*, para recoller como proceder no caso de ter que habilitar a modalidade semipresencial ou non presencial. Dende o centro trasladouse un texto básico coas pautas xerais para que o profesorado, co contexto das pautas xerais do centro, matizase algúns aspectos de selo caso. Este texto achegouse ao PDI xunto os procedementos para a elaboración das guías.

A Presidenta pide desculpas polo retraso no envío das guías docentes (Anexo VIII) e aclara que parte do profesorado respondeu perfectamente pero outra parte non atendeu as pautas e prazos marcados polo procedemento, feito que dificultou o labor de revisión das guías por parte das persoas coordinadoras.

A Directora cede a palabra as persoas coordinadoras das titulacións para que expoñan as súas valoracións das guías docentes recollidas no Anexo e do proceso de elaboración e supervisión.

David Patiño, coordinador do GEE, comenta a revisión das guías dos dous graos; insiste na lentitude do proceso, que sempre hai novidades, e que por iso os últimos cursos as persoas coordinadoras mantiñan as guías pechadas e soamente se permitían pequenas modificacións. Este ano non foi posible facelo así polo plan novo e pola nova pestana nova *Plan de Continxencias*. Comenta que non detectaron nada estraño na sección do plan de continxencias.

Teresa Rivas, responsable da revisión das guías docentes do MUEM, comenta que o proceso das guías docentes das materias do máster foi máis sinxelo, e case sen cambios. Sinala que todo o profesorado cubriu correctamente a sección do plan de continxencias e que todas as guías semellan correctas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes das tres titulacións.

A Directora agradece o traballo realizado polas persoas coordinadoras dos graos e por Teresa Rivas, que supervisou o proceso de elaboración das guías docentes do máster.

9. Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro.

A Directora comenta de xeito resumido o contexto da elaboración e aprobación do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro (en adiante PPCC), que xurde do acordo de Consello de Goberno do 12 de xuño. Aclara que se trata dun documento que recole o conxunto de medidas de control sanitario para o curso 2020/21 adaptadas ás peculiaridades do centro. Comenta o procedemento a seguir e sinala que o prazo para a súa aprobación remata o 30 de xullo.

A Directora sinala que o documento modelo elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), que se incluíu na documentación da Xunta de Escola, foi achegado pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade o 15 de xullo e que unha addenda ao documento aínda foi achegada o 22 de xullo. A continuación comenta a estrutura do documento e indica as principais partes que se deben adaptar ao centro. Aclara que non foi posible ter preparada a proposta de plan do centro para a sesión de hoxe e a fará o equipo de dirección nos próximos días.

A Directora propón delegar na Comisión Permanente a aprobación do plan e sinala que de despois da súa aprobación e os vistos bos requiridos, habería que proceder á súa implementación e a organización de sesións informativas e formativas.

Apróbase por asentimento a delegar na Comisión Permanente a aprobación do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro.

10. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Directora sinala a composición actual da CAM e comenta a proposta de cambio na composición da Comisión.

Cargo	Actual	Proposta
Presidenta	Elena Alonso Prieto	Elena Alonso Prieto
Secretaria	María Araújo Fernández	María Araújo Fernández
Representante Comisión Calidade	Teresa Rivas Brea	Teresa Rivas Brea
Vocais	Marta Cabeza Simó Javier Taboada Castro Lino José Álvarez Vázquez Enrique Granada Álvarez	Marta Cabeza Simó Javier Taboada Castro Guillermo García Lomba Ana Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Escola aproba por asentimento a nova composición da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Directora agradece a Lino Álvarez e a Enrique Granada á participación na CAM e o traballo realizado dende o inicio da mesma no ano 2014.

11. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018/2019.

A Directora aclara que o IRPD (Anexo IX) foi aprobado previamente pola Comisión de Calidade. Sinala a relevancia do documento, no que se recolle a revisión e análise do desenvolvemento do centro e das titulacións do centro. Explica a estrutura do documento e resalta as cuestións máis relevantes centrándose, sobre todo, nas conclusións de cada sección.

A continuación comenta a estrutura xeral do informe e sinala os seus principais aspectos.

Sección relativa ao Centro.

Destaca a inclusión dos resultados preliminares dunha parte do estudo de inserción laboral que se está a elaborar como parte do proxecto financiado pola Cátedra Feminismos 4.0, dirixido por Teresa Rivas, Enlace de Igualdade do centro, á que agradece o traballo realizado. Sinala os puntos febles detectados na análise dos datos do centro e as novas accións de mellora definidas.

Sección relativa ao GERME.

Comenta a evolución dos resultados, salientando o problema das taxas de ocupación e abandono. Sinala que os indicadores de valoración melloran case que todos. A conclusión podería ser que poucas persoas elixen este grao pero as que o fan están contentas e que hai que intensificar as actividades de difusión e promoción para captar máis alumnado. Sinala o estado das accións de mellora anteriores e as novas accións de mellora propostas.

Sección relativa ao GEE.

A Presidenta comenta os principais epígrafes, a evolución dos resultados e as valoracións dos mesmos. Destaca o estado das accións de mellora anteriores e describe as novas accións de mellora propostas.

Sección relativa ao MUEM.

Comenta a evolución dos resultados e as valoracións dos mesmos. Sinala o estado das accións de mellora anteriores e expón as novas accións de mellora propostas.

A Presidenta finaliza comentando con detalle as Conclusións e Acordos e sinala o valor do IRPD e da análise destes datos como axuda para facer reflexións e sacar conclusións sobre o funcionamento do centro e das titulacións.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións.

Carmen Pérez pregunta sobre a valoración negativa da cantidade de prácticas nas enquisas de satisfacción coas titulacións. A Directora lle responde que o item da enquisa non é claro; comenta que haberá que identificalo ben pero que a interpretación feita no equipo de dirección e na Comisión de Calidade é que o estudantado considera que é escaso o número de prácticas de tipo instrumental.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección.

A Presidenta agradece a Guillermo García, Coordinador de Calidade, o traballo realizado na coordinación na elaboración do documento.

12. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da Xunta de Escola por email (Anexo X) e informa que o rexistro correspondente foi aprobado previamente na Comisión de Calidade. A continuación expón brevemente o documento que se somete á aprobación da Xunta de Escola:

- **Rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro.** Está formado por dous documentos:
 - **Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción das Titulacións do Centro 2019/2020** no que se recollen as actividades de difusión realizadas no devandito período, seguindo o plan de promoción aprobado o pasado curso.
 - **Plan de Promoción do Centro 2020/2021** no que se recollen as actividades de difusión propostas para o próximo curso.

A Directora fai unha breve exposición dos documentos e indica que ambos foron elaborados por Santiago Pozo, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o seu traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Agradece tamén a todas persoas que colaboraron e participaron nas diferentes actividades no curso 2019/2020. Cede a palabra a Santiago Pozo quen agradece a todas as persoas colaboradoras, tanto do PDI como do alumnado, a súa dispoñibilidade e o seu traballo e comenta que vai pedir máis información ao PDI de cara á difusión nas redes sociais.

- **Renovación da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade do centro:**

A Directora comenta xa se pasaron 3 fases da certificación da implantación do SGIC do centro: deseño, implantación e renovación, e aclara que este ano corresponde unha nova renovación da certificación. Explica o procedemento e indica que hai que elaborar o documento de seguimento para facer a solicitude. Sinala que non foi posible rematar a preparación do documento de solicitude da renovación e propón delegar a súa aprobación na Comisión Permanente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro e a delegación na Comisión Permanente da aprobación da solicitude da Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro.

13. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

A Directora aproveita para despedir as persoas que xa se sabe que deixan de pertencer á Xunta de Escola para o curso 2020/21: Lino Álvarez, Lucía Díaz e Bienvenido Diez e agradece o seu labor nestes anos.

Por último, agradece á asistencia e desexa un bo verán.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xullo de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/07/2020

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 23/07/2020

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 23/07/2020

Persoal Docente e Investigador

1. Leandro Rafael Alejano Monge
2. Elena Mercedes Alonso Prieto
3. Enrique Manuel Alonso Villar
4. María Araújo Fernández
5. Marta Cabeza Simó
6. Marcos Conde Fontenla
7. José Bienvenido Díez Ferrer
8. Ángeles Domínguez Santiago
9. Pablo Eguía Oller
10. Andrés Elías Feijoo Lorenzo
11. Fernando María García Bastante
12. Guillermo García Lomba
13. Eduardo Giráldez Pérez
14. Elena González Rodríguez
15. Eduardo Liz Marzán
16. Alfonso Modesto Mandado Vázquez
17. Joaquín Martínez Sánchez
18. Jorge Carlos Morán González
19. Ana Ogando Martínez
20. David Patiño Vilas
21. María Carmen Pérez Pérez
22. José Santiago Pozo Antonio
23. M^a Teresa Rivas Brea
24. M^a Ángeles Saavedra González
25. Javier Taboada Castro
26. José Benito Vázquez Dorrió
27. Javier Vijande López

Alumnado

28. Noelia Alonso Rodríguez
29. Laura Andrés Herguedas
30. Santiago Domínguez Blanco
31. Iván Montenegro Vázquez
32. Belén Parente Artime
33. Juan Jesús Rico Fuentes
34. Víctor Rodríguez Nistal

Persoal de Administración e Servizos

35. M^a Carmen Romo Pérez

Desculparon a súa ausencia:

- Lucía Díaz Vilariño
- Daniel Villanueva Torres
- Marta María Caride Pérez

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de
Enxeñaría de Minas e Enerxía

ANEXO V

Calendario de Traballo Fin de Grao

ANEXO VI

Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de
Minas e Enerxía

ANEXO VII

Calendario de exames das titulacións impartidas na
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

ANEXO VIII

Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
- c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
- e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

ANEXO IX

Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018/2019

ANEXO X

Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola:

- a. Rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro